





PUCA QUERE SABER...



CHIBOS CHIBÓNS

COLEXIO DE CERVO



Autor:



SE QUERES VER
UN VIDEO DESTE CONTO
PODES ATOPALO
NO SEGUINTE ENLACE



<https://www.youtube.com/watch?v=aHuZ-mP2K4U>



ED. KALANDRAKA

FACEMOS UN DEBUXO DO QUE MAIS NOS GUSTOU DO CONTO

OS CHIBOS ERAN 3, GRANDE, MEDIANO, PEQUENO. PODES INVESTIGAR NA CASA E VER CAL É A COUSA MAIS GRANDE QUE ATOPAS E CAL É A MAIS PEQUENA... ATREVESTE A DEBUXALAS? PONLLES O NOME POR FAVOR



ELES CAMIÑABAN CON PASOS GRANDES, PEQUENOS E MEDIANOS... IMOS XOGAR!!! QUE VOS PARECE MEDIR O CORREDOR DA VOSA CASA? RECORDADE QUE HAI MOITAS MANEIRAS DE MEDIR HOXE ÍMOLO FACER CON PASOS.



CON PASOS PEQUENOS O MEU CORREDOR MIDE_____



CON PASOS MEDIANOS O MEU CORREDOR MIDE_____






CON PASOS GRANDES O MEU CORREDOR MIDE_____

OS CHIBOS CHIBÓNS ERAN 3 E SEMPRE ÍAN XUNTOS, POIS VOLVEMOS A XOGAR!!! PÍDELLE A PAPÁ OU A MAMÁ UN PUÑADO DE FABAS OU GARAVANZOS OU O QUE QUEIRAS, CÓNTAOS E DESPOIS REPÁRTEOS EN GRUPOS DE 3. CANTOS GRUPOS CONSEGUICHES? PUIDECHES REPARTIR TODOS OS OBXECTOS? QUEDARON SEN REPARTIR? PODES ESCRIBIR, DEBUXAR OU FACER UNHA FOTO DAS TÚAS DIVISIÓNS.


PODEMOS FACER OUTRO REPARTO... O TEU MONTÓN DE FABAS E 3 PRATOS... TODOS OS PRATOS TEÑEN QUE TER FABAS
NINGUÉN PODE QUEDAR SEN COMER, A VER CANTAS FORMAS ATOPAS DE REPARTIR!!! DEBUXA OU ESCRIBE OS
RESULTADOS QUE ATOPACHES

RECORDAS O SON QUE FACÍAN OS CHIBOS PARA PASAR A PONTE? ANÍMASTE A ESCRIBILO NO SEU BOCADILLO?



NO MEDIO DA PONTE APARECÍA UN TRANSNO ARREPIANTE!!! ATREVESTE A DEBUXAR O MONSTRUO MAIS FEO E
TERRORÍFICO DO MUNDO?

HOXE IMOS CONVERTERNOS EN ARQUITECTOS!!! QUE VOS PARECE DESEÑAR A PONTE POLA QUE PASABAN OS CHIBOS? OS ARQUITECTOS DEIXAN VOAR A IMAXINACIÓN PERO AS CONSTRUCCIÓN NON PODEN CAER... PODES USAR CALQUERA COUSA QUE ATOPE NA CASA E POÑER AQUÍ A FOTO DO TEU DESEÑO... OU DEBUXALO.



IMAXINA ALGUNHA OUTRA
MANEIRA
PARA LIBRARNOS DO
TRANSNO...
TI QUE FARÍAS?
COMO CRES QUE O PODERÍAS SOLUCIONAR?
RECORDA QUE NO COLE DE CERVO
NON NOS GUSTA
SOLUCIONAR OS PROBLEMAS
USANDO A VIOLENCIA!!!
A PENSAR...

COLORÍN COLORADO A AVENTURA TEN REMATADO

